



La Jefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa lo siguiente:

1º.- Que recibió escrito de D. José Justo Sánchez, en calidad de presidente de la Junta de montes de Rebordondo, con fecha de 11-02-2000, solicitando la transformación en convenio del monte "Camino Ladrón" (OR-2026) en la parte correspondiente a su propiedad así como la totalidad del monte vecinal en mano común de los vecinos de Rebordondo.

2º.- Que acompaña certificación del secretario de la comunidad D.Enrique Rodríguez Pérez, en la que se hace constar que en asamblea general, con fecha 10-04-1998, se tomó el acuerdo de iniciar los trámites para la suscripción del convenio.

3º.- Que el monte vecinal en mano común de Rebordondo que se quiere conveniar se compone de 142 Ha, de las cuales 48 Ha. totalmente repobladas, forman parte del consorcio del monte "Camino Ladrón" (OR-2026), y las 94 Ha. restantes rasas, del M.V.M.C. de Rebordondo.

4º.- Que en sesión de 9 de Noviembre de 1977, el Jurado Provincial de M.V.M.C., tomó el acuerdo de clasificar el monte de Rebordondo en favor de los vecinos de Rebordondo, del término municipal de Cualedro, siendo firme el acuerdo al no haber reclamaciones en plazo.

5º.- Que los trabajos de repoblación imputables al monte "Camino Ladrón" omenzaron en el año 1950.

6º.- Que el estado de cuentas del monte "Camino Ladrón" (OR-2026) en la parte correspondiente a los vecinos de Rebordondo es el siguiente:



6.1.- HASTA EL 31 DE DICIEMBRE DE 1977

- GASTOS:

Gastos totales del consorcio:	2.475.608.- Ptas.
pasados al M. 3215579:.....	2.138.504.- Ptas.
Resulta un saldo del monte de:.....	337.104.- Ptas.
Corresponden a los vecinos de Rebordondo:	
- Trabajos: 337.104 ptas. x 48 Ha./48 Ha.	337.104.-Ptas
- Guardería 745 ptas./Ha. x 48 Ha.....	35.760.-Ptas.
- Administración: 7,85% s/337.104.-Ptas.	26.463.-Ptas.
TOTAL GASTOS:	399.327.-Ptas.

- INGRESOS:

Ingresos totales del consorcio.....	416.042.- Ptas.
pasados al M. 3215579:	359.389.- Ptas.
Resulta un saldo del monte de:.....	56.653.- Ptas.
Corresponde a los vecinos de Rebordondo:	
- Aprovechamientos maderables:	
56.653 ptas. x 48 Ha./48 Ha.....	56.653.- Ptas.
- Condonación deuda Ley 13/89.....	342.674.-Ptas.
TOTAL INGRESOS:	399.327.-Ptas.

Resulta un saldo de **CERO PESETAS en la fecha de clasificación.**

6.2.- DESDE EL 1 DE ENERO DE 1978 HASTA EL 31 DE DICIEMBRE DE 1993

- GASTOS :

Gastos totales del consorcio:	11.214.397.-Ptas
pasados al M.3215579:	9.687.330.-Ptas.
Resulta un saldo del monte de :.....	1.527.067.-Ptas.



Corresponde a los vecinos de Rebordondo:

- Trabajos: 1.527.067 ptas. x 48 Ha /48 Ha,	1.527.067.- Ptas.
- Guardería: 815 ptas./Ha. x 48 Ha.....	39.120.- Ptas.
- Administración: 7,85% s/1.527.067 ptas.....	119.875.- Ptas.
TOTAL GASTOS...	1.686.062.-Ptas.

- INGRESOS :

Ingresos totales del Consorcio:	8.519.389.- Ptas.
pasados al M.3215579:.....	7.359.302.-Ptas.
Resulta un saldo en el monte de:	1.160.087.-Ptas.

Corresponde a los vecinos de Rebordondo:

-Aprovechamientos maderables:	
1.160.087 ptas.x 48 Ha./48 Ha.....:	1.160.087.-Ptas.
TOTAL INGRESOS.....	1.160.087.-Ptas.

RESULTA UN SALDO EN EL MONTE "CAMINO LADRÓN" (OR-2026) EN EL PERIODO 1978 - 1993 DE : **G - I =**

1.686.062.-Ptas. - 1.160.087.- Ptas. = **525.975 ptas a favor de la Xunta de Galicia.**

6.3. DESDE EL 1 DE ENERO DE 1994 HASTA EL 31 DE DICIEMBRE DE 1999

- GASTOS:

AÑO	INVERSION	COFINANC. U.E.	INVERSIÓN COMPUTABLE
1994	1.321.188.-Ptas.	(72,5%)	957.861.-Ptas.
1995	514.720.-Ptas.	(72,5%)	373.172.-Ptas.
1996	3.159.249.-Ptas.	(72,5%)	2.290.455.-Ptas.
1997	0.-Ptas.	(72,5%)	0.-Ptas.
1998	0.-Ptas.	(72,5%)	0.-Ptas.
1999	999.895.- Ptas.	(72,5%)	724.924.-Ptas.
TOTAL	5.995.052.-Ptas.		4.346.412.-Ptas.
			1.648.640.-Ptas.



Gastos totales del consorcio.....	1.648.640.-Ptas.
pasados al M. 3215579:	313.853.-Ptas.
Resulta un saldo en el monte de:	1.334.787.-Ptas.

Corresponde a los vecinos de Rebordondo:	
- Trabajos: 1.334.787 ptas.x 48 Ha./48 Ha.	1.334.787.-Ptas.
- Guardería: 290 ptas/Ha x 48 Ha.....	13.920.-Ptas.
- Administración: 7,85% s/1.334.787.-Ptas.....	<u>104.781.-Ptas-</u>

TOTAL GASTOS..... 1.453.488.-Ptas.

- INGRESOS :

Ingresos totales del Consorcio:	1.138.565.-Ptas.
pasados al M. 3215579:	627.421.-Ptas.

Resulta un saldo en el monte de:	511.144.-Ptas.
----------------------------------	----------------

Corresponde a los vecinos de Rebordondo:	
-Aprovechamientos maderables:	
511.144.-ptas. x 48 Ha./48 Ha.....	<u>511.144.-Ptas.</u>

TOTAL INGRESOS..... 511.144.-Ptas.

RESULTA UN SALDO EN EL MONTE "CAMINO LADRÓN" (OR-2026) EN
EL PERIODO 1994-1999 DE: **G - I =**

1.453.488.-Ptas. - 511.144.- Ptas. = **942.344 ptas a favor de la Xunta de Galicia.**



6.4.- EL SALDO TOTAL DEL MONTE "CAMINO LADRÓN" (OR-2026) EN LA PARTE CORRESPONDIENTE A LOS VECINOS DE REBORDONDO ES DE:

AÑO 1951- 1977 =	0.- Ptas.
AÑO 1978 - 1993 =	525.975.- Ptas.
AÑO 1994 - 1999 =	<u>942.344.- Ptas.</u>

TOTAL ... 1.468.319 ptas a favor de la Xunta de Galicia.

Por todo esto, **proponemos:**

PRIMERO.- Que se apruebe el convenio de las siguientes bases:

Nombre: " **COMUNAL DE REBORDONDO**"

Elenco número: 321-55145

Superficie: 142 ha (48 repobladas y 94 rasas)

Pertenencia: vecinos de Rebordondo

Ayuntamiento: Cualedro Provincia: Ourense

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Interés sobre el anticipo: 1%

Participación de la comunidad en el vuelo creado: 70%

Participación de la Consellería en el vuelo creado: 30%

Saldo inicial del convenio: **1.468.319 pesetas a favor de la Xunta de Galicia.**



SEGUNDO.- Que por tratarse de la transformación de la totalidad del consorcio a convenio del monte "Camino Ladrón" (OR-2026), se cancele totalmente dicho consorcio.

Santiago de Compostela, 2 de mayo de 2000.

**O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,**



Plácido Baamonde López.

**VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL,**



Tomás Fernández-Couto Juanas.

**EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**

INFORME SOBRE A APROBACIÓN DO CONVENIO

Visto o expediente de transformación do Consorcio OR-2026 do Monte Veciñal en Man Común “CAMINO LADRÓN” (que se cancela) nun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade Veciñal de Rebordondo, termo municipal de Cualedro propietaria do Monte Veciñal en Man Común “COMUNAL DE REBORDONDO” integrado por 142 ha, e a vista do informe favorable do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

Esta Sección Xurídica considera que procede a transformación de consorcio en convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do fomento da produción forestal, ó Real decreto 1279/1978, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/1984 (polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 57 do Real decreto 1279/1978 citado), así como á Lei 13/1989, de montes veciñais en man común e ó Decreto 260/1992, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2000

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A circular blue ink stamp from the Xunta de Galicia, specifically from the Consellería de Medio Ambiente. The stamp contains the text 'XUNTA DE GALICIA' at the top, 'DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE' around the perimeter, and 'CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE' at the bottom. In the center is a small coat of arms. A blue ink signature is written across the stamp.

Asdo.: M^a José Tato Rocha



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e pola xefatura provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

R E S O L V O:

PRIMEIRO.- Aproba-lo convenio das seguintes características:

Nome do monte: **COMUNAL DE REBORDONDO**

Elenco número: 321-55145

Superficie: 142 ha (48 repoboadas e 94 rasas)

Pertenza: veciños de Rebordondo

Concello: Cualedro

Provincia: Ourense

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuros sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo creado: 70%

Participación da consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do convenio: **1.468.319 pesetas a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que por tratarse da transformación da totalidade do consorcio a convenio do monte "Camino Ladrón" (OR-2026), se cancele totalmente dito consorcio.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición con carácter potestativo ante o conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos




10 e 46 da Lei 29/98 de 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2000.

**O CONSELLEIRO
(POR ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL,**

José Luis Aboal García-Puñón



**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**

C O N V E N I O

N.º	321	55145
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a oito de xuño de dous mil de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. JOSE JUSTO SANCHEZ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común DE REBORDONDO, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) ANO 1.950 A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a OS VECIÑOS DE REBORDONDO

e son os que a continuación se describen:

Denominación: COMUNAL DE REBORDONDO

Termo municipal: CUALEDRO

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal MONTE VECIÑAL EN MAN COMUN PERTENCENTES OS VECIÑOS DE REBORDONDO.

Límites:

N.: MONTES DE ATANES.

S.: TERMO E MONTE DE LAMAS.

L.: MONTES DE INFESTA E PARADIÑA E MONTE E TERMO DE ESFARRAPA E GUIMAREI (MONTERREI).

O.: TERMO DE PENAVERDE.

Superficie: 142,0 HAS. (Cento corenta e dúas hectáreas)

Estado forestal: REPOBOACION FORESTAL DE P.PINASTER E P. SYLVESTRIS.
48 ha totalmente repoboadas

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: VECIÑOS DE REBORDONDO.

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
48,0 HAS.

Sen vexetación arbórea: Servidumes: ALGUNHA DE PASO
94 HAS, RASAS

3ª.- O chan continuará pertencendo a OS VECIÑOS DE REBORDONDO.

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

c) XX
O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (isque se non existe).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCUENTA por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCUENTA por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: (OR-2026) , 48,0 HAS.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª apartado b), o TRINTA por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o _____ por cento, e a comunidade propietaria, o _____ por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á res-tauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscri-ble no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de CUARENTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se con-signa no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existen-cias que subntentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgun-ha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será PINUS PINASTER,
PINUS SYLVESTRIS E OUTRAS ESPECIES QUE SE CONSIDEREN OPTIMAS PARA OS MONTES.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don a Miriam Areal López, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "DE REBORDONDO" clasificado en data 9-11-1977 a favor dos veciños de Rebordondo, Concello de Cualedro

2.—Que, así mesmo, figura Don José Justo Sánchez, e Don Enrique Rodríguez Pérez, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica XXX dende o 24 xuño de 1999 ata 24 xuño 2003

E para que conste, expido a presente certificación Ourense a 3 de abril de 19XXX 2000.



Don ENRIQUE RODRIGUEZ PEREZ, Secretario de LA XUNTA DE MONTES DE REBORDONDO.

C E R T I F I C O : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 10 DE ABRIL DE 1.998. estando designado

Don JOSE JUSTO SANCHEZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en REBORDONDO

a 12 de DICIEMBRE de mil novecientos noventa e OITO

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: JOSE JUSTO SANCHEZ

Asdo.: ENRIQUE RODRIGUEZ PEREZ

Don TOMAS FERNANDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

ASDO. JOSE JUSTO SANCHEZ

Pola Consellería de Medio Ambiente,

ASDO. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ
Asdo.: José Luis Abad García - Titular